

INFORMACIÓN

Información sobre a admisión ordinaria de alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2025/2026.

Tendo en conta o establecido na ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C) publicada no DOG Núm. 212 do martes, 8 de novembro de 2022, **informamos que:**

De cara ao proceso de escolarización do **alumnado de 2º ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria** que se incorpora ao sistema ou que cambia de centro docente **para o vindeiro curso escolar 2025-2026 achegámosvos, para o voso coñecemento, as áreas de influencia** de cada centro escolar público de Cambre con respecto ao domicilio familiar.

Lembrámosvos que **o prazo de solicitude de admisión ordinaria será do 1 ao 20 de marzo de 2025, para o que teredes que cubrir a solicitude preferiblemente** por vía electrónica, mediante o formulario normalizado dispoñible na aplicación informática admisionalumnado (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>), a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> ou, de forma presencial, no centro escollido en primeiro lugar ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Coa solicitude teredes que achegar o certificado de convivencia da unidade familiar que deberá indicar a data de alta, **e o teredes que solicitar por rexistro de entrada no Concello de Cambre ben presencialmente en calquera dos rexistros municipais ou pola Sede Electrónica Concello de Cambre.** Tal e como se indica na ORDE do 21 de outubro de 2022, se a residencia no domicilio fose inferior a 1 ano, deberedes achegar ademais escritura de compra, contrato de alugamento ou título que lexitima a ocupación da vivenda, así como recibos acreditativos do pagamento de subministracións (auga, luz...).

De todas formas, para calquera dúbida podeades dirixirvos ao centro escolar que vos interese ou consultar a súa páxina web.

**ÁREAS DE INFLUENCIA DOS CENTROS ESCOLARES
DO MUNICIPIO DE CAMBRE**
(aos efectos de solicitar praza no proceso de admisión de alumnado)

1- CEIP Plurilingüe Graxal (Tf.: 881 880 330) – Educación Infantil e Primaria.

Dende a Nacional VI ao Paseo Marítimo: Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole, Castelao, Celso Emilio Ferreiro, Constitución, os números impares da Costa da Tapia, a partir do nº 32 todos os números pares, Curros Enríquez, Eduardo Pondal, Emilia Pardo Bazán, Francisco Rodríguez, Luís Seoane, Padre Feijoo, Párroco M. Cobas, Paseo Marítimo, Pígara, Praza Fernando Buesa, Praza Manuel Murguía, Praza Miguel Ángel Blanco, Praza Uxío Novoneira, Praza Villa Concepción, Profesor Monasterio, Ramón Cabanillas, Rosalía de Castro, Rúa do Estanque, Rúa Otero Pedraio, agás números 15 e 17, Teresa Herrera, Vicente Risco.

2- CEIP Portofaro (Tf.: 881 880 349) – Educación Infantil e Primaria.

Dende o núcleo de A Barcala e marxe esquerda da rúa Lendoiro (en dirección Cambre ao Temple) ata a Costa da tapia (ps números pares ata o 30): Urbanización A Barcala (todas as rúas e rúa Rañoa), rúa Lendoiro (marxe esquerda en dirección Cambre ao Temple), praza Manuel Leiras Pulpeiro, rúa María Mariño, rúa Francisco Añón, rúa Polígono, praza Manuel Lugrís, praza da Igrexa, rúa Temple, praza da Ría, travesía da Igrexa, praza José Luis Caso, rúa das Rúas, travesía da Coutelana, rúa da Barcala, rúa dos Muiños, praza Eduardo Blanco Amor, rúa Antón Fraguas, Costa da Tapia (números pares ata o nº 30 inclusive), paseo dos Templarios, rúa Otero Pedraio números 15 e 17.

Zona compartida entre os dous centros (CEIP Plurilingüe Graxal e CEIP Portofaro): praza Miguel Ángel Blanco, rúa do Estanque de Abaixo, rúa Abelleira, rúa Estanque números 24, 26 e 28, rúa Luis Pimentel, rúa Martín Codax, rúa Otero Pedraio números 9, 11 e 22 e rúa Telleiro.

3- CEIP Wenceslao F. Flórez (Tf.: 881 880 320) – Educación Infantil e Primaria.

Parroquias de Cambre, agás a Urbanización A Barcala, (dende a marxe dereita da rúa Lendoiro en dirección Cambre ao Temple), Cela, Lendoiro (Cecebre) e lugar de Meixigo.

4- E.E.I. San Bartolomeu de Pravio (Tf.: 629 587 803) - Só etapa de Educación Infantil.

Parroquia de Pravio.

5- CEIP Emilio González López (Tf.: 881 880 363/5) – Educación Infantil e Primaria.

Parroquias de San Martiño de Andeiro, San Paio de Brexo (Brexo-Lema), de San Ciprián de Bribes, Sta. Mª de Vigo e San Lourenzo de Meixigo.

6- CEIP Gonzalo Torrente Ballester (Tf.: 881 960 131) – Educación Infantil e Primaria.

Parroquias de Sigrás e Anceis.

7.- IES David Buján (Tf.: 881 961 200)- Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.

Zonas dos centros adscritos do CEIP Emilio González López e Gonzalo Torrente Ballester e IES de Carral só para 1º de Bacharelato.

8.- IES Afonso X O Sabio (Tf.: 881 880 339)- Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.

Zonas dos centros adscritos do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, Plurilingüe Graxal e Portofaro.

En caso de dúbida consultar co propio centro escolar directamente.